

RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN PROVISIONAL HORARIOS DE USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2021-2022 (OUTUBRO 2021 A XUÑO 2022)

O pasado 3 de setembro ditouse por esta Alcaldía o Decreto 2021-0521, polo que se aperturaba un prazo de quince días hábiles, comprendidos entre o 6 e o 24 de setembro, para a presentación de solicitudes para a reserva de uso do pavillón polideportivo municipal.

Durante ese período presentaron as solicitudes de uso do pavillón que se detallan as seguintes entidades e/ou colectivos:

- **Praias de Barreiros, CD**

Data de rexistro: 06/09/2021

Nº de deportistas: 25

Actividade a desenvolver:

- o Fútbol sala masculino 3ª división nacional
- o Fútbol sala feminino 1ª autonómica sénior feminina

Horario solicitado: Todos os luns, martes, mércores, xoves e venres do 1 de setembro de 2021 ao 15 de xuño de 2022, de 20.00 a 23.00 horas para os adestramentos dos equipos masculino e feminino, e todos os sábados ou domingos que a competición requira para a disputa dos encontros tanto masculinos como femininos.

Total de horas solicitada semanalmente: 15 horas (máis competición)

- **Fútbol Sala San Cosme**

Data de rexistro: 14/09/2021

Nº de deportistas: 23

Actividade a desenvolver: Fútbol sala

Horario solicitado: Martes, mércores ou xoves (1 día á semana), de 21.00 a 23.00 horas

Total de horas solicitada semanalmente: 2 horas

- **Veteranos de Barreiros, CD**

Data de rexistro: 20/09/2021

Nº de deportistas: 21

Actividade a desenvolver: Fútbol sala

Horario solicitado: Todos os venres de 21.30 a 23.30 horas

Total de horas solicitada semanalmente: 2 horas

Por outra parte, é preciso contemplar a posta en funcionamento das escolas deportivas municipais (infantís e de adultos) que iniciarán a súa actividade a partir do vindeiro 18 de outubro e que precisarán o emprego do pavillón municipal para o seu desenvolvemento nos seguintes días e horarios:

- Luns: 16.30 a 20.00 horas
- Martes: 16.30 a 21.30 horas
- Mércores: 16.30 a 20.00 horas
- Xoves: 16.30 a 18.45 horas
- Venres: 16.30 a 18.45 horas



Ademais, cómpre ter en conta o derradeiro calendario de uso do pavillón municipal antes das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia do SARS-Cov2, no cal era compartido igualmente polos mesmos grupos que agora solicitan reserva:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 16,45-17,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 16,45-18,15	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 16,45-17,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 16,45-17,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 16,45-17,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 09,00-10,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 9,00-10,00
EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 17,45-18,45		EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 17,45-18,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 17,45-19,15	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 17,45-18,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 10,00-11,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 10,00-11,00
EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 18,45-20,15	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 18,30-19,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 18,45-20,15	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 19,15-20,30	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 18,45-19,45	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 11,00-12,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 11,00-12,00
PRAIAS DE BARREIROS MASCULINO 20,30-22,30	PRAIAS DE BARREIROS FEMENINO 20,00-22,00	PRAIAS DE BARREIROS MASCULINO 20,30-22,30	PRAIAS DE BARREIROS MASCULINO 20,30-22,30	PRAIAS DE BARREIROS FEMENINO 20,00-22,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 12,00-13,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 12,00-13,00
	VETERANOS I A PARTIR 22,00			VETERANOS II A PARTIR 22,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 13,00-14,00	EE.DD PRAIAS DE BARREIROS 13,00-14,00
					PRAIAS DE BARREIROS SENIOR FEMENINO 15,00-22,00	

A Ordenanza municipal reguladora da taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello de Barreiros, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 24 de novembro de 2014 e publicada no BOP de Lugo nº 22 de 28 de xaneiro de 2015, establece, entre outras disposicións, que “a realización de actividades de carácter non lucrativo ou as organizadas polo concello, sempre terán preferencia á hora de obter a autorización dun determinado espazo municipal”, asemade que “están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades con ánimo de lucro que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quen as utilice de forma privativa ou con aproveitamento especial aínda sen teren obtido a preceptiva autorización”, e que “non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Barreiros ou por entidades e asociacións sen ánimo de lucro ou persoas físicas, sempre e cando as mesmas non busquen unha finalidade lucrativa, directa ou indirecta, ou expectativas de carácter económico.”

Por outra parte, o antedito Decreto 2021-0521 de 3 de setembro, establecía, na súa parte dispositiva a prioridade de uso da instalación (actividades promovidas polo propio Concello, clubs ou entidades barreirenses con actividade competitiva, entidades asociativas barreirenses sen ánimo de lucro, outros colectivos sen ánimo de lucro e, por último, actividades puntuais de colectivos sen ánimo de lucro non constituídos formalmente), así como a garantía de que todas as entidades ou colectivos solicitantes tiveran dereito ao uso do pavillón municipal durante a tempada 2021-2022.



En consecuencia do exposto, tendo en conta o disposto na Ordenanza municipal reguladora da taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público, así como no R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (artigo 74 e seguintes) e no Regulamento de Servizos das Entidades Locais; en uso das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Propór, en base aos criterios antes expostos de prioridade e garantía de acceso, a seguinte asignación do horario uso do pavillón municipal para a tempada 2021-2022 (dende o 4 de outubro de 2021 ata o 30 de xuño de 2022), na que ademais se contemplan os períodos de ventilación (15 minutos) entre grupo e grupo que establece actualmente a normativa sanitaria:

1. As actividades deportivas das Escolas municipais, organizadas e promovidas polo propio Concello, as horas anteriormente sinaladas, é dicir:
Luns: 16.30 a 20.00 horas
Martes: 16.30 a 21.30 horas
Mércores: 16.30 a 20.00 horas
Xoves: 16.30 a 18.45 horas
Venres: 16.30 a 18.45 horas
2. Ao Praias de Barreiros, CD, como club con equipos federados e actividade competitiva, 11 horas e 30 minutos á semana distribuídas do xeito seguinte:
Luns: de 20:15 a 23:15 horas
Mércores: de 20.15 a 23.15 horas
Xoves: de 20.00 a 23.00 horas
Venres: de 19.15 a 21.45 horas
Ademais, autorízase o uso todos aqueles sábados e/ou domingos nos que se celebren partidos de competición, para o coñecemento do cal, deberá achegar o calendario oficial cando estea confirmado.
3. Ao CD Veteranos de Barreiros, como asociación deportiva con sé social en Barreiros, 2 horas á semana, concretamente, os venres de 22.00 a 24.00 horas.
4. Ao colectivo Fútbol Sala San Cosme, como agrupación barreirense sen personalidade xurídica e sen ánimo de lucro, 1 hora e 45 minutos á semana, os martes en horario de 21.45 a 23.30 horas.

Así, o calendario semanal proposto quedaría segundo a táboa anexa.

SEGUNDO.- As entidades e colectivos antes citados deberán aterse en todo momento á normativa sanitaria de prevención do SARS-CoV2 vixente.

No caso do Praias de Barreiros, CD, esta será a recollida nos protocolos Fisicovid-Dxtgalegos aprobados.

No resto de colectivos, será a establecida pola Consellería de Sanidade en cada momento para a actividade deportiva non federada que, no momento actual e atopándose Barreiros nun nivel de restricións medio-baixo, limita o deporte colectivo nas instalacións e nos centros deportivos pechados, a grupos de ata dez persoas e co emprego de máscara, debendo establecer as medidas



necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade (ORDE do 29 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia). En consecuencia, estes colectivos non federados, deberán pospoñer o inicio da actividade de fútbol sala ata que a normativa sanitaria permita o desenvolvemento de actividade de contacto en grupos non federados.

Por outra parte, antes do inicio da actividade, deberán achegar un protocolo de medidas de prevención da COVID19 durante o seu desenvolvemento.

TERCEIRO.- Declarar a exención de pagamento da taxa por reserva de inmobles e espazos de uso público por tratarse todas as entidades e grupos solicitantes de agrupacións sen ánimo de lucro.

CUARTO.- A reserva de horario queda condicionada ao uso real da instalación. De detectarse que o pavillón non está sendo empregado de xeito reiterado no tempo reservado por razóns alleas á normativa sanitaria, a autorización poderá deixarse sen efecto.

QUINTO.- Non están permitidas as cesións de uso a terceiros. No caso de que algunha das entidades autorizadas modifique, reaxuste ou ceda total ou parcialmente o seu horario de uso da instalación municipal, esta modificación deberá ser comunicada e aprobada previamente polo Concello.

SEXTO.- Dar publicidade á presente Resolución outorgando un prazo de cinco días hábiles para a presentación de alegacións, se fose o caso.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas, ante a Secretaria-Interventora, Begoña Teijeiro Campo.



ANEXO: HORARIO SEMANAL

	Luns	Mar.	Mér.	Xov.	Ven.	Sáb.	Dom.
09:00						Competicións 09:00 - 23:00	Competicións 09:00 - 23:00
10:00							
11:00							
12:00							
13:00							
14:00							
15:00							
16:00							
17:00	EDMM_FS Benxamín 16:30 - 17:30	EDMM_MD 16:30 - 17:30	EDMM_FS Benxamín 16:30 - 17:30	EDMM_MD 16:30 - 17:30	EDMM_FS In 16:30 - 17:30		
18:00	EDMM_FS Alevín 17:45 - 18:45	EDMM_MD 17:45 - 18:45	EDMM_FS Alevín 17:45 - 18:45	EDMM_MD 17:45 - 18:45	EDMM_FS C 17:45 - 18:45		
19:00	EDMM_FS Infantís 19:00 - 20:00		EDMM_FS Cadetes 19:00 - 20:00				
20:00		Jumping, 19:30 - 20:15			Praias 19:15 - 21:45		
21:00	Praias 20:15 - 23:15	Zumba 20:30 - 21:30	Praias 20:15 - 23:15	Praias 20:00 - 23:00			
22:00		FS San Cosme 21:45 - 23:45			Veteranos 22:00 - 24:00		
23:00							

